

Pau e V. Benito cupelo

A NOSA TERRELA



Ano XXXI — Núm. 473

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual 231.437

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2082
TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

BOS AIRES, DECEMBRO DE 1949

O Mariscal Pardo de Cela

O século XV foi o século fatal para Galiza. As guerras dos irmandiños, as loitas da nobreza entre si, contra da Ilesia ou contra do rei, determinaron un estado caótico e de debilidade, propicio á intervención de Castela.

Triunfante a rainha Sabela na guerra sostida contra a filla de Enrique IV, Xoana a Beltraneja, que fora apoiada polo Portugal, por parte da nobreza castelán e pol-a maor e mellor parte da galega, quixo vingarse desta, que aínda non se había sometido á súa vontade. E a tal efecto, co pretexto de poñer paz nas loitas da nosa Terra, aproveitándose da desunión que nela reinaba, decretou a intervención de Galiza por real cédula eistendida en Toledo o 3 de Agosto de 1480.

D. Fernando de Acuña e o licenciado García López de Chinchilla foron os encargados de executar as ordes dos Reis Católicos para "domar —como di Zurita— aos feroces galegos". Pero, a pesares de todo, non foi empresa fácil de realizar. Tres anos de cruentas loitas pasaron denantes de que o gobernador dos reis casteláns poidera reducir a oposición galega, representada polo conde de Camiña no sul e polo mariscal Pardo de Cela no norte.

O primeiro, refuxiado en Portugal, entregouse á clemencia da rainha Sabela, cuxa decisión esperou recluído no monasterio de San Leonardo dos Gerónimos, en Alba de Tormes. Esperando a decisión da rainha, sorprendéuno a morte, uns día que a causa duns carafunchos e outros, según Vasco de Aponte, porque "o alcalde de Proyaño entrou no monasterio cos seus porqueróns e botoulle un garrote ao pescozo". Como termina o mesmo de Aponte: "Uns din que foi dun xeito e outros din que foi doutro; cicá foi dentrambas xeitos".

O mariscal Pardo de Cela loitou hastra o fin da súa vida. Condenado a morte nas cortes que os comisionados rexios xuntaron en Santiago —¡cortes indignas!—, non pidiu gracia nin foxeu. Coa bravura propia daqueles baróns suevo, que iniciaron a conquista da Península, invadida por los moros, peleou durante tres anos contra das forzas do capitán Lois de Mudarra, que era o encargado de prendelo ou matalo. Non se coñecen os feitos de armas habidos entre eles en ese tempo; pero sábese que no derradeiro ano de loita —1483— ao mariscal non lle quedaba máis que o castelo da Frouseira.

Despois de rechazar os ataques de Mudarra, obrigándoo a abandonar o cerco da fortaleza, o mariscal cometeu a imprudencia de saír do castelo, deixando nel a "vinte e dous criados", que cometeron a vilanía de entregalo aos seus inimigos, denunciando ao mesmo tempo o lugar onde se atopaba o seu amo.

O 7 de decembro de 1843 foron presos o mariscal e o seu fillo, "con outros fidalgos e labradores honrados que o acompañaban, na casa de Alonso Yáñez, do Castro de Ouro". E o 17 do mesmo mes e ano, o meirande mártir da independencia de Galiza era decapitado na praza de Mondoñedo, despois de haber sufrido a gran dolor de ver cómo a cabeza do seu fillo, garrido mozo de 22 anos, rodaba sanguinolenta pol-as lousas da praza.

¡Louvor ao Mariscal Pedro Pardo de Cela! ¡Galiza endexamáis se esquecerá de que dou a súa vida por ela! ¡E o seu exemplo será fogo vivo en todo corazón galego!

TRADUCCION

El siglo XV fué el siglo fatal para Galicia. Las guerras de los irmandiños, las luchas de la nobleza entre sí, contra la Iglesia o contra el rey, determinaron un estado caótico y de debilidad, propicio a la intervención de Castilla.

Triunfante la reina Isabel en la guerra sostenida contra la hija de Enrique IV, Juana la Beltraneja, que fuera apoyada por Portugal, por parte de la nobleza castellana y por la mayor y mejor parte de la gallega, quiso vengarse de ésta, que aún no se había sometido a su voluntad. Y a tal efecto, con el pretexto de poner paz en las luchas de nuestra Tierra, aprovechándose de la desunión que en ella reinaba, decretó la intervención de Galicia por real cédula extendida en Toledo el 3 de Agosto de 1480.

D. Fernando de Acuña y el licenciado García López de Chinchilla fueron los encargados de ejecutar las órdenes de los Reyes Católicos para "domar —como dice Zurita— a los feroces gallegos". Pero, a pesar de todo, no fué empresa fácil de realizar. Tres años de cruentas luchas pasaron antes de que el gobernador de los reyes castellanos pudiera reducir la oposición gallega, representada por el conde de Camiña en el sur y por el mariscal Pardo de Cela en el norte.

El primero, refugiado en Portugal, se entregó a la clemencia de la reina Isabel, cuya decisión esperó recluído en el monasterio de San Leonardo de los Gerónimos, en Alba de Tormes. Esperando la decisión de la reina, lo sorprendió la muerte, unos dicen que a causa de unos carafunchos y otros, según Vasco de Aponte, porque "el alcalde de Proyaño entró en el monasterio con sus porquerones y le echó un garrote al pescozo". Como termina el mismo de Aponte: "Unos dicen que fué de una manera y otros dicen que fué de otra; quizá fué de entrambas maneras".

El mariscal Pardo de Cela luchó hasta el fin de su vida. Condenado a muerte en las Cortes que los comisionados regios juntaron en Santiago —¡Cortes indignas!— no pidió gracia ni huyó.

Con la bravura de aquellos barones suevo, que iniciaron la conquista de la Península, invadida por los moros, peleó durante tres años contra las fuerzas del capitán Luis de Mudarra, que era el encargado de prenderlo o matarlo. No se conocen los hechos de armas habidos entre ellos en ese tiempo; pero se sabe que en el último año de la lucha —1483—, al mariscal no le quedaba más que el castillo de la Frouseira.

E aquilo está mal. Non é fácil que os que habitan en este país poidan facer un xuício da actual situación de Galiza por moi ben que a coneceran de antes nin por moito que lle teñan contada súa vida presente.

Tampouco é xinxelo pra mín o contala. Quero non incurrir en eisaxeracións i-este meu desexo faime incurrir en contradicións, porque resultan contradictorios un gran número de acontecementos e de xeitos de facer e de vivir.

¿Quén pode supoñer que a merluza estea máis barata en Madrid que en Vigo?

¿Quén pode supoñer que en ocasións se enviaran vagóns de aceite de Pontevedra a Jaén?

¿Quén pode creer que na trapallada eleitoral de concelleas que houbo a primeiros d-este ano fora precisamente en Lalín o único en donde se fixeron eleccións de verdade; nas que o povo elixiu aos candidatos falanxistas que quixo?

Xa bastante contrasentido é o que subsista unha situación tan desastrosa en total-as manifestacións da vida; de unha vida vexetativa de mala vexetación.

Non vale agacharse nin tapal-os ouvidos nin cerral-os ollos. E un deber de todol-os galegos facer canto estea no noso poder pra remediar aquel ladroizo, aquela inmoralidade, aquela insensatez, aquela ineptitude, aquel caos.

Porque a situación da nosa Patria vai aínda a peor e a continuación quizaives por varios anos, pero non ha de ser eterna.

Algún día poderemos e deberemos voltar. De cómo volvamos dependerá o porvir da nosa Terra.

Hai que pensar que temos unha xeneración perdida, criada no analfabetismo e sin principios moraes.

Que aínda han de durar bastante tempo pra lograr que a miseria de espírito seña superior á miseria de pan.

Si en todol-os países americanos se intensifican os aitos culturais. Si en todol-os lugares en donde haxa galegos se fan estudos e se traballa

VEÑO DE ALA

por SANTIAGO LALIN

en prol das manifestacións da nosa vida política e artística. Si se procura que no día de mañán estean xa preparados orgaismos capaces de refacer o que mataron e crear o que non había, poderemos poñer a Galiza en situación de comenza unha nova vida.

Ningunha outra razón ten a cantidade de fillos espallados polo mundo que nós temos. Somos moitos centos de miles, e todos, indefectiblemente, quereamos á nosa Terra. A xente nosa de ala ten grande esperanza nos galegos emigrados i-eu penso que con razón de abondo.

O noso lar afúndese e hai obriga de erguelo.

O que se sinta desleigado de este deber nada lle digo, pero a quen coide que alá lle quedaron as raíces do seu corpo e a carne da súa alma, comunícolle que Galiza navega n-unha lancha podre e furada camiño do mar da morte.

Cada un no seu oficio. Cada un que faga o que sepa facer, pero que todos dean o que poden dar.

Un plan de electrificación; un estudo pedagógico ou un libro de versos.

Eu insisto sempre na desgraciada situación da Instrucción Pública, porque penso que é a ferida máis difícil de reparar, xa que é a máis fenda.

Todo o resto, e co Estatuto en funcións, pode afrontarse con moitas probabilidades de éxito.

Fiscalía de Tasas absurda e venal que estraperlo fillo lexítimo d-ela. Abastos co seu cúmulo de Carvaxal de Lamas Carvaxal, Instituto Nacional de Carvaxal de Lamas Carvaxal, Central Sindical con varios miles de empregados en cada provincia que son a meirande apoloxía do descanso. Obras públicas en total anarquía, comenza obras a barullo, non rematando ningunha e descoidando todo canto feito hai. Agricultura vivindo unha época prehistórica, miles de anos máis atrás de calquera parte d'África. Todo esto, curra grande cantidade de etcéteras, pode subsanarse con esforzo e cun plan de acción ben estudado. Temos xente con vontade e con saber.

Pero esa xeneración perdida non se poderá máis recuperar. Hai que reemplazal-a cos irmáns emigrados.

Encol do Centenario de Lamas Carvaxal

O día primeiro de novembro de 1849 naceu en Ourense Valentín Lamas Carvaxal, poeta e xornalista que en todol-os longos anos de actividade intelectual, ergueita e insobornabel, adicou a súa labouira á procura do soerguemento da conciencia galega e á defensa reitilínea e sen acougos dos labregos da súa terra, esprodados pola usura, enganados pol-os caciques, afa-

por J. N. B. nados polo fisco hespañol.


Cego dende mozo, cando era aínda estudante de Meicña, carreira que rematou e non exerceu, a súa disgracia afinou a súa sensibilidade, avivou a súa pantasia, permitiulle adiviñar o dito, con esaititude intuitiva de

vate, a realidade do vivir colectivo, as mágoas e os anecios da ialma popular. Por iso foi poeta da Terra e xornalista do seu tempo.

Foi Lamas Carvaxal un xornalista espelido, certo na observación e no análisis dos feitos, que comentaba n-unha prosa aguda, vivaz, baril, irónica e combativa, prosa marxista, deitada a cotío nos artigos de fondo do "Eco de Orense", fundado e dirixido por el dende 1879 deica o día da súa morte — 2 de Marzal 1907—, e no seu xornal satírico e popular "O Tío Marcos da Portela" —o máis dereito precursor da xornalismo galeguista—, redaitado na língoa patria.

Pol-a súa tensa e intensa labouira de xornalista; pol-os seus libros de poemas galegos, inspirados e tenros, que acusan en cada verso un fondo, entrañabel sentimento da Terra —paísaxe, vivir humano, arelas patrióticas—; pol-a emoción de galeguidade que trascende das súas páxinas descritivas; pol-o senso

(Continúa na pág. 3)



¡VAIA POR DEUS!

Co gallo da visita a Lisboa, que Paco fixo ao seu cofrade portugués, o loubador a soldo de Falanxe, Euxenio Montes, refire nun xornal dos Madriles a entrada triunfal de Paco no pazo lisboeta de Queluz.

Diz así:

"No era posible moverse en la elíptica y mármores sala de embajadores, pero yo, al menos, tuve la fortuna de contemplar de cerca al Caudillo, suerte a otros no concedida. Un feliz azar me puso a su lado, y su gentileza tuvo la amabilidad de acortar distancias con un saludo abierto y una sonrisa..."

En fin. Logo de ler semellante baixeza humán, teríamolle de decir a este ruín suxeito, algunha mala palabra axeitada á súa conduta de pobre home, mais limitáremonos a preguntarnos, para qué lle servirá o talento a certos homes cando teñen alma de lacaios...?

O PRESUPOSTO FALANXISTA—

O proieito de presuposto hespañol para o exercizo de 1950 trasmitido ás Cortes, suma en total 17.940.872.075 pesetas para gastos, e 17.870.074.398 para ingresos. Os rubros descompóñense así: Dirección do Estado, 4.194.398.000 pesetas; Relacións Exteriores, 21.142.141 pesetas; Defensa, 8.268.857.243, ou sexa a metade do presuposto global...

Para Falanxe, a asignación é de 78.976.899 pesetas... de "carnada" porque a fermosa suma asignada, hai que engadirlle "as mans libres" no "estraperlo" nazonal...

O devandito proieito, non fala dos demais rubros como ser Obras públicas, Industria, Comercio, Sanidade, Instrucción pública, etc., si ben é certo que estes ministerios, a decir verdade, na Hespaña de Falanxe, non é moito o que se usan...

BIBLIOTECA PARA GACHUPINS...

Barcelona, 25 (AFP). — O agregado cultural a embaixada de Falanxe en Bós Aires, señor Manuel de Góngora, emprenden viaxe de retorno á Arxentina. O señor de Góngora que foi nomeado bibliotecario da embaixada, entregará á súa chegada, un lote de 3.000 volumes que formará biblioteca posta á disposición dos súbditos hespañoles...

Non estábamos enterados de que houbera "súbditos", mais si, "ciudadáns" hespañoles —polo menos de dereito— salvo craro está que a referencia vaia pros gachupins do Club Español... E falando dos libros de marras, ¿aos gachupins con literatura? Facturas ao cobro é o único que lles interesa...

SIN RACION HABEMUS...

Según anunza o cable, Doña Paca tivo o bon acordo de alegrarlle a vida facéndolle esquecer xiquera por un intre, "as belezas do réxime", aos habitantes da simpática vila de Rivadeu e pra ele, non lle veu ás mentes millor cousa que facerlle unha visita de cortesía, mais os rivadeuenses, ao parecer, non estaban para bromas, e fixéronlle o pito catalán á muller do "quisque", non dándose por enterados da súa presenza...

Doña Paca, sinteu a humillación i encabuxouse de tal xeito, que perdendo os estribos decretou "ipso facto" que polo termo de tres días se deixase ao povo sin ración...

CHURCHILL OPTIMISTA—

Nunha das derradeiras sesións da Cámara dos Comúns, o vello loitador, Winston Churchill, enxuciando ao goberno laborista pola súa política internacional, referíndose a Hespaña, dixo que "resultaba curioso ter un embaixador en Moscú e non un en Madrid, posto que os hespañoles teñen unha vida máis feliz e máis libre que os rusos, os polacos ou os checoslovacos."

Non queremos contradecir ao xefe do partido conservador inglés sobre dos rusos, dos polacos e dos checoslovacos —esquecese de nomear aos húngaros, aos rumanos e aos albaneses—; pero co maior respecto temos que manifestarlle no que se refire a Hespaña, que falta deliberadamente á verdade pois él ben sabe que en toda a península, incurso o Portugal, nin se goza de ventura nin menos de liberdade.

O Sr. Churchill, durante a guerra pasada, loitou como un daqueles ingleses da época sabelina, como un daqueles piratas que fundaron a grandeza da súa nación, e por eso ganou a guerra e conquireu a simpatía do mundo; mais oxe está convertido nun vulgar cavernícola, que non pode ocultar o seu antergo amor ao feixismo. Sentímolo por él.

PERDONANNOS A VIDA—

Un telegrama de Madrid publicado en "La Prensa", con data do 20 do corrente, di:

"Fué convertido en ley, al ser publicado hoy por la Gaceta Oficial, el decreto de amnistía que con motivo del Año Santo, dictó el gobierno, por el cual se dejan sin efecto las sentencias

Inconcebible

Un patriota galego residente en Madrid, que acaba de facer unha viaxe a Portugal, mándanos dende Lisboa esta cispresiva colaboración que publicamos polo evidente intrínseco que ten pra galegidade en xeral.

Facia moitos anos que Galicia non tiña un arcebispo nado nesta terra, pois o paso do chorado D. Manuel Lago foi tan súpeto, que cuáseque nin tempo deu pra se decatar da súa presenza.

Despois de tanto tempo de estar gobernada por alleos a cadeira do Apóstolo, quixo Deus que pra ela fose designado un galego virtuoso, culto, novo e amante da súa pátria o que encheu de ledicia e de esperanzas a toda a terra galega, dende o Ortegal ao Miño e dende Fisterra deica o Bierzo.

¿Qué moito que Galicia brincase de gozo ante tan falagadora perspectiva?

E así o acto solemnisimo da entrada en Compostela do Dr. Quiroga Palacios foi unha auténtica i emocionante manifestación de agarimo e adhesión ao Pastor amado de todos e ao que todos quixeran honrar coa súa presenza corporal.

O día 11 do mes de Nadal xuntáronse en Santiago as Diputacións e os Concellos das catro capitais galegas, a mais dos concellos do Ferrol, Mondoñedo e de Maceda, vila natal do Arcebispo. Asistiron os catro Delegados da Facenda, os representantes dos Capitáns xerais do Exército e da Mariña e logo a masa inmensa do pobo, cun entusiasmo non foi capaz de apagar a chuvia que do ceo

caía como a benzón de Deus ao seu fillo escolleito.

A cousa deica eiqú é completamente lóxica e natural. Que de Ourense fosen a Santiago centos de automoveis ateapraudir ao seu conterraneo, non ten nada de estrano, como tampouco o ten que da diócesis de Mondoñedo quixeran ir centos e milleiros de almas a despedir ao seu bispo benamado.

O que non ten xustificación algunha é que a prensa e a radio da capital de España calasen esta importantísima noticia e non se publicase nos xornaes de Madrid nin unha soa liña pra dar conta do meirande acontecemento ocorrido en Galiza dende fai moitos anos, da meirande manifestación espontánea — esta si que o foi de verdade e non esas outras pantomimas que se orgaizan oficialmente — que endexamais fixo un pobo a favor de un prelado, ¿Por qué unha prensa que se di católica silencia iste trunfo de un arcebispo?

O Centro Betanzos Conmemorou o seu 44º Aniversario con un Festival Artístico

O sábado 10 de decembro, o Centro Betanzos, co gallo do 44º aniversario da súa fundación realizou un grande aito artístico galego que puxo de manifesto, con qué entusiasmo os galegos gostamos das nosas cousas. Deu comezo o aito, coa interpretación do Himno Galego pola coral "Os Rumorosos", e axiña o presidente da institución señor A. Suárez do Pazo, pronunzou un enxundioso discurso en homaxe e garimosa lembranza daquel fato de homes que alá polo comezos do século, poseídos dun craro senso patriótico

galego, teimaron a fundación do "Centro Cultural Betanzos".

Eran tempos aqutes —manifestou o orador— en que o galego cotizábase moi baixo, acarón a outras coletividades máis capacitadas. Declararse galego naqueles intrs, era pouco menos que un aito de heroísmo.

Herfos de toda protección oficial por parte dos gobernos hespañoles que só lles interesaban os millóns de pesetas que xiraban á terra e que con toda desvergonza e cinismo considerábase como ingreso no presuposto hespañol, os emigrados galegos chegaron á conclusión de que era mester orgaizarse por do seu fito acarón da patria galega.

¿A quen lle escoce esta ledicia dos galegos?

Dende hoxe non poderá falar de arredismo galego a prensa de Madrid pois que non son os galegos quen pretenden arredarse, sinón os caciques centralistas os que deliberadamente e sin xustificación algunha se arredan de Galiza ao vela gozoza do trunfo dun seu fillo eminente, que ademais é Príncipe da Igrexa.

"Opinión Gallega"

Cumpriu cinco anos de existencia "Opinión Gallega" o prestixioso e benquerido colega que foi fundado polo Centro Orensano e que hoxe tamén é órgano do Centro Pontevedrés. Cinco anos de labouira incesante a prol dos outos intrses da galeguedade, cinco anos ao preno servizo da coletividade galega e da patria Galiza, cinco anos de rexa loita polo sagros ideaes do noso pobo: galeguismo e republicanismo.

"Opinión Gallega" por todo elo, pola reitude da súa conduta, pola outa e cabaleirosa maneira de facer a súa predica e pola categoría das prumas que o escriben, ten acadado, con prena xustiza, posto de relevo no periodismo galego.

Co gallo de tan sinalado acontecemento, folgámonos de facerlle chegar o noso máis afervado saúdo.

Timonel e ialma de "Opinión Gallega", dende a súa fundación, é Don Enrique A. González, home de múltiple aición a prol da

galeguedade, aición que é tanto máis meritória canto que se trata d'un arxentino que así sinte e honora a terra de seus país. Enrique A. González, ven traballando afervada i eficazmente por Galiza dende a súa adolescencia: nas sociedades Peroxa, Cultural Nogueira de Ramuín, Federación de Sociedades Gallegas, Comité Orensano Leal, Centro Orensano. Audición "Recordando a Galicia", Coral "Terra Nosa", etc.

Co gallo de se cumprir o 5º aniversario de "Opinión Gallega", as comisións directivas dos Centros Orensano e Pontevedrés acordaron facer unha demostración de simpatía e recoñecemento a Enrique A. González, que se levará a efento no mes de Xaneiro próximo.

A comisión orgaizadora de tan xusto homenaxe conta de artemán, ca nosa máis afervada adhesión, a cal, aparte a sincera estima persoal que nos meresce, ven obrigada polo moito que ten traballado González pola nosa sagra patria.

de hasta dos años de cárcel y se reducen en un 25 por ciento las condenas hasta 20 años.

Se cree que el decreto beneficiará a unos 13.000 presos". Agora comprendemos por qué o Sr. Churchill decía que en Hespaña se vivía feliz e ceibe. ¿Non había máis que 13.000 persoas encadeadas por delitos ideolóxicos e as que aínda non poderán beneficiarse co magnánimo decreto!

Sen dúbida que o Sr. Churchill enviarálle un telegrama ao seu compadre, colmándoo de felicitacións polo seu xesto de xenerosidade e adicarásese a preparar un novo discurso para demostrar que en Hespaña vívese máis feliz e libremente que en Rusia, Polonia ou Checoslovaquia.

Os republicáns hespañoles debemos dirixir tamén un telegrama ao Sr. Churchill, procramándoo ilustre fillo da Gran... Bretaña.

Decontado deu comezo o aito artístico coa participación da coral "Os Rumorosos" executando con moita emoción diversas pezas do noso rico folklore nazonal.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

A continuación o barítono Antonio Colacicco eficaz integrante da coral, cantou con moito axuste "Dous Amores" e "Lonxe da Terraña" recollendo un pechado aprauso da concurrencia.

Como número final, os irmáns Lorenzo, parexa infantil de bailes nazonais galegos, fixeron gostar ao numeroso público asistente, emotivas muiñeiras executadas nun estilo impecable, sendo animado este simpático número, pola maestría do celebrado Sixto e o seu conxunto de gaitas, finando así este magnífico aito artístico galego.

O 17 de Nadal Lembrouse a Morte

No salón do Centro Orensanc da rúa Belgrano 2186, a Irmandade Galega, lembrou ao Mariscal Pardo de Cela, decapitado en Mondoñedo o 17 de nadal do ano de 1483, por defender os dereitos de Galiza fronte ao imperialismo dos Reis Católicos.

Abreuse o aito, coa execución do Himno Galego pol-a coral "Terra Nosa" que dirixe o mestre Isidro B. Maiztegui e de seguida, o presidente da Irmandade Galega, Sr. Manuel Puente, pronunciou unhas afervoadas verbas encol do aito en lembranza do Mariscal Pardo de Cela, e o deber de todol-os "bós e xenerosos" de traballar acotío, pol-a liberdade da patria galega.

Ao finar o señor Manuel Puente, siguelulle no uso da verba, o señor Núñez Búa, quen se asinou a tarefa de presentar ao doutor Ramón de Valenzuela Otero, galeguista de destacada situación en Galiza e que hoxe está entre nós, e fixoo o irmán Núñez Búa, coa simpatía e a emoción da cal é merescente o irmán Valenzuela.

CONFERENCIA DO IRMAN VALENZUELA

Deu comezo o orador, adicándolle a conferencia a Alfonso Castelao, lamentando que a doenza que sofre o grande patriota galego, impídalle estar entre nós.

Declarara o señor Valenzuela que, carece de fontes históricas que nos poidan levar a conclusións nidiamente definidas, non somentes da vida e feitos do Mariscal Pardo de Cela, sinón tamén do tempo en que este viveu.

En calisquera Historia que se pode consultar acotío nas bibliotecas, aparés toda a cousa galega, unhas veces enfocada de xeito superficial, á lixeira, dando a impreisión de que os diversos escritores ao tratar o tema, limitáronse a copiarse mutuamente, sin ocuparse moito nin pouco —tal é a nosa impreisión— da verdade histórica.

A Historia, —continúa o orador— non é novela, e os feitos ocorriron como ocorriron, e non como nós quixéramos ou nos gustara que ocorrisen.

LOITA DOS IRMANDIÑOS

A mediados do século XV, os campesiños galegos, cansos de sofrer toda sorte d'atropellos e opreixóns de parte dos señores feudales, erguéronse en rebeldía, dirixidos pol-os nobres Alonso de Lanzós, Diego de Lemos e Pedro Ossorio, e baixo o lema e bandeira de "Deus Fratesque Galleciae", de Norde a Sul do país galego, derrubaron canto castelo feudal acharon ao seu paso. Porén, a sorte non estivo da súa banda, pois logo dunha afinzada e sanguinanta loita foron vencidos.

Foi esta, a primeira revolución de carácter social rexistrada na Europa logo da caída do imperio román. Compre acrarar, que, quen poidera aportar datos por certo concretos nesta loita desencadeada antre os campesiños

Nos Salóns do Centro Orensanc

—servos— e os señores feudales —donos da terra— é a mitra compostelán, máis a mitra compostelán foi parte interesada nesta loita e pol-o tanto, non pode ser imparcial.

Pardo de Cela loita contra es Irmandiños é certo, mais téñase en conta que é un señor feudal con unha mesnada de 5.000 homes e moitas terras que defender. Compórtase, como se houbera comportado calisquera feudal do seu tempo e no seu lugar.

E mester situarnos no tempo e no espazo pra interpretar o seu proceder, pois o anormal sería, que, dado o que él representaba, aituase dun xeito contrario; pol-o tanto, debemos ter moi en conta que Pardo de Cela,

home do seu tempo ao fin, non podía ter un concepto social moderno. Non embargantes, atopamos a Pardo de Cela defendendo os dereitos do seu reino i é cousa curiosa ouservar que moitos dos seus partidarios eran irmandiños que antes o combataran.

Dix Vesteiro Torres na súa obra publicada en Lugo, pol-os mediados do século pasado, que Pardo de Cela puxo en orde as súas ideais respecto á patria galega. "Eu coído moi posibel isto. Mais inda que asín non fora, hai o feito de que defendeu os dereitos do reino, como os houbera defendido Aragón ou a mesma Castela".

Máis adiante o señor Valenzuela pregunta: Si Pardo de Ce-

Notabel Conferenza de

la houbera ganado, qué ocurriría? E contéstase a sí mesmo o orador: Galiza sería un reino independente. ¿Con qué rei? Con calisquera, non importa. No por dos casos, sería a Beltranexa; no millor, o mesmo Pardo de Cela, e Galiza non sería submetida a outras terras que a levaron á condición de colonia que hoxe padés a nosa patria.

Compre pór en eraro, que de manter Galiza a súa independencia nese tempo, non hai razón ningunha para supor, que a perdera máis tarde. Carlos V, está d-abondo ocupado no imperio xermano-román, con un problema interno en Castela, cal é o das Comunidades, e outro problema é o dos moriscos no Sul.

En Felipe II, aparecen todas estas circunstancias agravadas pol-as loitas de relixión, e non é de pensar, que se atrevera a invadir un país tan estratéxicamente disposto como é o noso, e diremos que cuasi que illado por falla de vias de comunicación co resto da península, naquel tempo. Por outro lado lembremos eiquí que os reis católicos tardaron tres anos en vencer a Pardo de Cela e pra elo empregando meios nada lícitos, como foi a treición.

UNION DOS POVOS PENINSUARES

Máis adiante o irmán Valenzuela comentando a unidade hespañola dix:

"Ao fin, logrouse a unión", a unión de povos historicamente distintos, que arruinou a todos e que non beneficiou a ningún, nin á mesma Castela, nin tampouco a Aragón e Cataluña, a quenes coutou a súa magnífica forza eispansiva no Mediterráneo, non somentes comercial, sinón tamén cultural.

Galiza, d-haber mantido a súa liberdade, viviría como viviron as pequenas nazóns do seu tempo. Aquelas magníficas repúblicas, ducados e principados italiáns, que crearon figuras estraordinarias nas artes, nas ciencias e nas letras.

Aqueles outros principados xermáns, que, como diz Goethe, se lle debe toda a fertilidade artística e literaria que acadou para sí Alemaña.

Galiza, ao perder a súa liberdade, ao sere submetida a un povo distinto co que non tiña nada en común, sufriu a hipertrofia de todol-os seus valores moraes e materiaes.

Castela, co seu asurdo espírito imperialista conquiriu xuntar baixo o seu cetro a todol-os povos que hoxe forman o Estado hespañol unitario, e

pra qué? Pra vivir xuntos, como diz Ortega y Gasset en "España Invertebrada", e sentarse ao redor da fogueira, coitando de lle botar leña pra que non se apague, como vellas sibilantes no inverno.

PEDRO PARD

Hay unha cova n-esta por vergonza do povo e n-esta cova que foi sem Pardo de Cela, o Marise

Xenio leyal d'a indepen por ela b tallou; mau he con infame treición qui; mártir foi n-esta terra

A sangue d'o infeliz Pa erama venganza a Dios aquel que a derramou

anque a cova escarneza ha de facer que resuciu a INDEPENDENZA

Vencido Pardo de Cela, substituíron canto en Galiza había de propio. Contra os nobres altivos e turbulentos de Galiza, puxeron uns maxistrados de Castela menos nobres, pro máis altivos e máis turbulentos. Pódese decir, que coa man dereita, cortaron a man esquerda...

Dende aquela Galiza non é reino. Vive apegada aos demaís países que hoxe forman a aitual Hespaña ¿Pra qué? Non será pra defendernos das invasións, porque todas cantas apareceron na península en máis ou menos tempo conquistárona, menos as que se produxeron pol-as nosas costas que decote foron rechazadas.

Sempre que a península Ibérica estivo unida, non como Estado, xa que éste é un concepto moderno, senón xunghida baixo unha mesma autoridade, foi decote siño de debilidade.

Lembremos a invasión román,

ACRARACION

Na crónica que un impositivo publicou da conferencia que o Otero deu no Centro Orensanc (aparés atribuíndolle ao confere e catedrático" da Universidad inesaito.

Saindo ao paso de posibel a entidade orgaizadora e o irm acrarar que non lles cabe ningun erro, froito, sen dúbida, d-unha confusión.

Lembranza

por ALFREDO SOMOZA


A Historia, perenne fonte de enseñanza, está escrita por homes. E así os feitos que o historiador conta son sempre un reflexo do seu sentir diante do feito narrado. Se non dou aínda o home limpo de toda preocupación política pra que non leve ésta ao comentario que trata de faguer; si, o que é moito peor aínda, éste non está determinado por razóns de índole mercenaria como na maior parte dos que historiaron os tempos de mando da parella de Sabela e Fernando.

E por isto que a figura esgrevia do Mártir da Frouxeira aparece deformada ante o comento dos historiadores do seu tempo, quenes ollan ao Pardo de Cela dendesdo un prisma sinxelo de rebelde aos mandatos de Sabela, sin relacionar esta rebeldía coa súa condición primaria de galego e con feitos anteriormente acontecidos na nosa Galicia no segundo tercio do século XV. De ahí que o fan aparecer como un feudal calesquera, culpabe de alta traición por non querer recoñecer o feito consumado pol-os señores casteláns a favor da de Castela, no xuntoiro que tiveron en Guisando no ano 1468, xuntoiro que torceu pra sempre o rumbo histórico da Iberia.

Certo é que o de Cela tiñase oposto resoltamente a lle dar validez a ese acordo que roubaba os lexítimos dereitos que á coroa castelán, tiña a filla de Enrique IV —morto éste por procedimentos comprobadamente violentos—, recoñecimento ilegalmente reaizado pol-os que, representando o espírito hexemónico da Terra Cha viñano a impor en todol-os demaís povos da Hespaña, a pretexto de os liberar dos señores da forza e coitelo —que d'aquela tiñan nas súas mans as vidas e as facendas dos seus servos—, tracando a servidume pol-o mandato despótico e absolutista dos Reises Católicos.

Pero non se ha de esquecer que denantes de ser vingada por Sabela e Fernando no de Cela a súa afervoadada pasión pol-os indescutibles dereitos da Beltranexa, o que os reises quixeron e fixeron foi afogar en sangue o sedimento que no povo galego quedaba aínda por un feito de moita máis transcendencia como feito e como sintoma de inquedanza: o alzamento en armas, no ano 1467, dos fillos da nosa Terra, os Irmandiños, que confradados ao berro de "Deus Pratesque Galleciae", puxéronse en loita aberta e fera, en procura da liberdade de Galiza. E dendes d-aquela que levamos como un pesadelo a panllña da nosa irredención.

Eu estou certo que a data triste do 17 de nadal de 1483 non tería eistido si o noso povo non houbese sido domeado pol-a forza de axudas alleas que algúns feudales tiñan recibido. D-aquela, como oxe, repítese a historia e isto obriganos a meditar que cantas disgracias nos afrixen como povo son por mor de nos haber sido roubada a nosa vontade de ser ceibes, vontade que faise perciso, cada vegada máis; seipamos recuperar pondo, en xogo pra o lograr a conducta patriótica que marcou aquelas verbas de que nos fala o noso Murguía: "Tende enteira conciencia do que fumos, do que somos e do que temos de ser".



Faltan documentos (p axinas,
cadernos...)
ISO 9878/1990

Concurso Literario

En homenaxe ao escritor galego VALENTIN LAMAS CARVAJAL co gallo do Centenario do seu nacemento

As entidades ourensanas de Buenos Aires, seguintes: Centro Orensano - Centro Villarín-Perojano - Centro Arnoya - Sociedades: Nogueira de Ramuín - Pereiro de Aguiar - Hijos del Ayto. de Maside - Lobanes y sus contornos - Residentes del Ayto. de Maside - Viana-Trives y Centro Gomezende, conxuntáronse en patriótica irmandade pra celebrar na cibdá de Buenos Aires o Centenario do nacemento do esgrevio escritor ourensán Lamas Carvajal.

No amplo programa de homenaxes a tan outa gloria das letras galegas, inclúese un Concurso Literario en lingua galega, coma segue:

TEIMA UNICO: "O pensamento patriótico-gallego e político-social en Lamas Carvajal".

Os traballos terán de ser en lingua galega, inéditos e abranguer non menos de 50 cuartelas tamaño carta (27 x 22 cms.), escritas por un solo lado, a máquina e a dous espazos.

A Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal, de Buenos Aires, fixou o devandito teima único, sobor tan relevante aspecto da labourea intelectual de Lamas Carvajal, para millor complementarl o Concurso Literario organizado pola Comisión de Homenaxe constituída en Ourense (Galiza).

PREMIOS: Fixáronse tres: 1º de \$ 2.000.-; 2º de \$ 1.000.-; 3º de \$ 500.-, moeda nacional argentina.

PLAZO DE ADEMISION DOS TRABALLOS: até o 30 de Abril do 1950.

BASES:

1a. - Os traballos se farán chegar en tres copias, baixo sobre certificado dirixido a:

Presidente da Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal

Rua Belgrano 2186,

BUENOS AIRES (República Argentina).

Amstrarán un lema e serán sinados con pseudónimo. Incluirase un sobre pechado e lacrado contendo o nome e dirección do autor; na parte de fora consinarase o lema co pseudónimo do traballo.

2a. - O Xurado poderá declarar desertos todos ou calquera dos premios, sempre que xulgue non reuniren méritos suficientes os traballos presentados.

3a. - O Xurado ficará composto por dous membros designados polos escritores galegos que moran en Buens Aires e por tres membros designados pola Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal.

4a. - O Xurado háese cispedir denantes do 1º de Xullo do 1950 e farase entrega dos premios no alto a realizarse en homenaxe a Lamas Carvajal o 25 de Xullo -DÍA DE GALIZA- de 1950.

5a. - Os traballos premiados han ser publicados pola Comisión de Homenaxe a Lamas Carvajal no mesmo ano 1950 nunha edición de non máis de 2.000 exemplares. Esgotada dita edición, os autores dos devanditos traballos recadarán a prena propiedade dos mesmos.

6a. - Os traballos recibidos, sexan ou non premiados, non serán devoltos.

7a. - O feito de mandar traballos a iste Concurso, leva imprícito pra os autores, o coñecemento e prena conformidade de e con todo canto a-istas bases se fixa.

Buenos Aires, Novembro do 1949.

Un Novo Escultor Galego Antón Crestar

A derradeira exposición no Salón Nacional de Belas Artes de Montevideo deparounos unha sorprendente revelación. Un galego dos "bós e xenerosos", querido amigo noso, presentou unhas tallas en madeira que pasan pola veracidade, a rexedume e a inspiración. Antón Crestar é o autor destas obras de verdadeiro artista.

Crestar é un home que vive en Montevideo dende fai tempo, despois de haber percorrido terras e mares, levando sempre na ialma as inquedanzas dun outo espírito. Na capital veciña formou o seu fogar, que froceu nunha filla e na vella nai, que veu de Galiza a traguellerle lembranzas da Terra.

Nós coñecíamos a Crestar como un bravo loitador galeguista, que por meio de artigos e debuxos de ambiente galego, espallaba o seu ideal, que é o noso, por total-as partes onde se atopara e calisquera que fosen as súas actividades; pero non sabíamos, nin él mesmo o sabía, que tivera as dotes de escultor que o fan entrar pola porta grande no Salón de Arte de Montevideo.

Un día, como por xogo, e quizáis tratando de fuxir ás tarefas cotidiáns, que atafegan o espírito, agarrou un cacho de madeira e unha navalla i escorrenzou a escarabellar hastra que logrou dar forma ao que a súa mente concebía. O milagre estaba feito. Como si unha man divina houbera guiado a do artista, ian xurdindo figuras que parecían levar o alento dos eleixidos. E así brotaron unha chea delas, ante as que se destaca a imaxe de súa nai, maravillosa cabeza de vella galega, con rasgos que acusan rexá personalidade, sen ocultar a tehrura que asoma aos seus ollos, húmedos de bágoas.

Caso curioso o de Crestar. Saeu da súa Terra, como tantos outros mozos, en procura de benestar, pensando, naturalmente, en volver aos seus eidos e mercar fincas e pazos, e converteuse nun idealista, nun soñador, que vai acrecentando o tesouro do seu espírito, namentras merma o material. Este caso non é sóo de Crestar. Moitos exemplos hai nestas terras de homes que seguen a mesma trajetoria. Chegan aquí con ansias de facerse

"AGROMAR"

A "Irmandade Galega" de Bós Aires editou un folleto co título de "Agromar", o cal será espallado gratuitamente en Galiza e antre as coletividades de América.

O folleto en cuestión é un apertado feixe informativo de todos os aitos patrióticos e culturais realizados en Bós Aires, perante os meses de xunio, xullo e agosto do ano que estamos a finir, destacando o XIII aniversario do Piebiscito Galego; o homaxe a Alexandro Bóveda, outa figura símbolo de todos os mártires galegos que deron a súa vida pola patria; o grande homaxe do músico galego Montes, e os numerosos aitos culturais e patrióticos realizados nas xornadas galegas de xullo, co gallo do Día de Galiza.

Comprensinar que, a publicación de "Agromar", farase todos os anos co fito de pór en coñecimento dos galegos do interior e de América, das laboureas culturais e patrióticas, realizadas en Bós Aires, e de todo canto se faga aprol da nosa Patria.

Demostración ao señor Antón Comesaña

O martes 21 de nadal, a Coral "Terra a Nosa" realizou unha cea de camaradaxe, en honor de Antón Comesaña, pola súa intelixente e aitiva labourea ao longo de máis de vinte anos de situación en diversos coros dos cuaes foi fundador e colaborador eficaz.

Dentro dun crima de leda camaradaxe, fixeron uso da verba os señores Enrique González, Lito López, o director da coral, mestre Isidro Maiztegui, e a señora Rosita Maneiro; i en representación dos Centros Orensano e Pontevedrés, os señores Valeriano Saco e Antolín Días, respetivamente, facendo unha xusta loubanza do espírito de sa-grefizo e patriotismo do homaxeado.

Con fonda emoción o señor Comesaña, agradeceu as demostracións de simpatía de que era ouxeto, facendo votos polo engrandecimento da coral "Terra Nosa" aprol da labourea patriótica que na súa breve proficitísima vida ven realizando no seo da coletividade galega i en institucións argentinas de prestixio.

millonarios, e trócanse en poetas, anque ás veces fanse verdadeiramente millonarios e vólvense tamén poetas, porque os cartos sóo non constituen a felicidade, nin tampouco satisfán as inquedanzas do espírito.

Deste xeito vemos que homes a quenes a fortuna colmou de dádivas, lembrause que teñen algo que está insatisfeito; e de- pertando neles o amor á Terra, como si quixeran recobralo tempo perdido en amasar diñeiro, apresúranse a volcalo en obras do espírito, que enoutecerán o nome de Galiza, enchendo ao mesmo tempo o seu corazón de ventura. ¡Bendita Terra que da tales homes!

O trunfo de Antón Crestar é pra nós un motivo de orgullo e de lelicia. Como galego, como irmandiño e como amigo, felicitámonos do seu éisite e trasmitímolle o noso máis agarimoso testimoño de adhesión.

O Centro Galego Tributou un Homenaxe a Castelao

Na derradeira Asambrea Ordinaria de Representantes do Centro Gallego foi obxeto d-unha emozoada recordazón, e tribútouse por unanimidade aferveada homenaxe, o esgrevio persoeiro do galeguismo, D. Alfonso R. Castelao, ilustre presidente do Consello de Galiza.

Coma é sabido, a dita Asambrea istivo integrada pola maioría pertencente a Agrupación "Galicia" e pola minoría d-Agrupación "Celta".

O homenaxe acadou, así, o máis outo vaor eo máis amplo

siñificado, xa que il foi tributado por unanimidade e por acramazón. Elo pón ben de relevo o agarimo, ademirazón e respeto que a tudol-os galegos, por riba de calisquera bandería e cóor político, lles merece a personalidade de Castelao, cifra i esenza máxima do patriotismo galego nos nosos días.

Do senso e importancia do dito homenaxe, dá conta a eispresiva nota que lle foi dirixida ao señor Castelao pola presidencia do Centro Gallego de Buenos Aires, a cal, traducida ao noso idioma, di así:

Buenos Aires, 4 de novembro do 1949.

"Señor D. Alfonso R. Castelao, Belgrano 2605, 7º. Dcp. B., - Capital.

Distinguido coterraneo:

"Cumpro co grada misión de dirixirme a vosté pra levar ao seu coñecemento que na Asambrea Ordinaria de Representantes de socios de esta entidade, feita no día 21 d-outono derradeiro, resolvéuse tributar a vosté, por unanimidade e acramazón, un voto de aprauso pola súa brillante situación no desenrolo das Xornadas Galegas, levada a cabo por iste Centro no mes de Xullo do 1948, así como pola súa patriótica e importante labourea a prol da cultura i espallamento da nosa amada Galiza".

"O deixar estí cumprida tan espontanea como unánime resolución da Hon. Asambrea, que leva imprícita a dos 86.000 asociados que representa, comprázome en aproveitar a circunstancia pra o saudar ca máis distinta considerazón eo mesmo tempo facer cordias votos polo seu restabrecemento, ofrecéndome seu asmo. s. s.

CONSTANTINO FRANCISCO Sogradario.

XOSE VILLAMARIN. Presidente.

O Centro A. B. C. de Corcubión Visita o Fogar Galego para Ancianos

O Centro A. B. C. de Corcubión é unha das meritísimas sociedades galegas que teñen emoción e saben estar axeitadas en todos os aitos que realiza. Con motivo das festas de Nadal, lembrouse de que en Domselaar hai Fogar Galego, que acolle aos nosos irmáns desamparados, aos que abandonados pola sorte e sen deudos que os amparen rolan por estas rúas, inhóspitas para os que non fixeron fortuna. Quixeron levar aos vellos a voz amiga, que lles faría recordar a súa aldea nativa, xunto a un pouco de "pan dulce", e alá se foron en "maga" caravana os membros da Comisión directiva, presidida polo Sr. Carballo, na compañía de arredor de trinta entusiastas asociados. Foron recibidos e osequiados pol-as autoridades do Fogar, que agradeceron no seu valor tan grata visita.

tempo, un pouco de agarimo e de lelicia.

Destacamos este honroso feito da sociedade irmán e amiga para que sirva de exemplo a todas as da nosa coletividade, que non carecen tampouco de sentimentos; pero que ás veces esquécense, no meio do tráfico diario, de que hai un deber que comprir e unha obra que amparar para que desenrole ao máisimo o nobre fin para que foi creada. O Fogar Galego para Ancianos, que modestamente está realizando unha labourea diña e humanitaria, mercede que sexa lembrado por todas as sociedades galegas de Bós Aires, a fin de que non haxa ningún galego necesitado na Arxentina que non teña acougo e un pouco de agarimo.

A visita de Corcubión produxo de beneficia para o Fogar a cantidade de 400 pesos. Pero nós coidamos que val máis a lelicia que os vellos tiveron ao toparse antre irmáns, que todas as moedas que se poideran recaudar.

CANTARES

En ben vezo o castiñeiro, tamén lle vezo as candeas... Cando te vezo, Rosiña, córreme o sangue das veas.

Si queres oír cantar vai á casa de quen cría; que queiras ou que non queiras cantas de noite e de día.

Primo, primo, primo, primo primo aquí, primo acolá; taberneira, bote un neto, que o meu primo pagará.

Si quere-lo desafío, coa punta da tizeira; si quere-lo desafío, ven acá, mesa solteira

PRINCÍPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Despotas insensatos,
forzá, forzáde grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo entraqüido;
Mals as nobres ideas
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non, o duro
ferro,
Nin a morte extingüellos.

EDUARDO PONDAL

Año XXXI — Núm. 473 ★ BOS AIRES, DECEMBRO DE 1949 ★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

“As Cruces de Pedra na Galiza”

Libro de Castelao

O ano que ista a finir, —iste ano 1949—, ficará ben sinalado na historia da cultura galega, pois n-íl se comenzo a impren- tar o libro de máis outa categoría que hastra hoxe se escribiu en prosa galega. Tae aconteci- mento déuse eiqui en Bós Aires, —no seo da Galiza libre, da Ga- liza emigrada,— por mór do afervoado patriotismo galego que eiqui latexa forte e fondo, tanto máis forte e máis fondo canto máis procura inpedir ise latexo na sagra Terra nosa, o réxime totalitario e alleo que a ten amagastrada.

Referímonos a grandeira obra “As Cruces de Pedra na Galiza”, escrita e ilustrada por Castelao, coma froito de máis de dez anos de recolleita de mate- rias percorrendo vals e montañas da nosa Terra. Co ises ma- terias, —abondosas anotacións e centos de dibuxos realizados directamente das cruces e cru- ceiros de pedra que atesouran as comarcas galegas,— Castelao escribiu a obra na tristura do desterro... Ela constitúe manife- sto mensaxe de amore e lealdade que Castelao vai a enviar a sua benamada patria Galiza dende o seu leito de enfermo e coma lo- cido tributo dos seus sofrimen- tos e soedades de esilado. ¡Día chegará no que se a faguer a lumica interpretación de ista manífeca e trascendente aitu- de de Castelao: sobrepórse he- róicamente as aderversidades do desterro, os sofrimentos físicos, a sua casi cegueira eo balbordo ausorbente das suas obrigas po- líticas e patrióticas nos intras dramáticos da guerra e do eis- lio, pra lle non furtar a cultura galega a estraordinaria obra que levaba no cerebro e na ialna dende longos anos!

“As Cruces de Pedra na Ga- liza” é unha obra fie investiga- zón artística, arqueolóxica e de estudo do desenrolo hestórico da cruz, na que o seu autor, o xenal dibuxante i escritor ga- lego Alfonso R. Castelao, recolle detidas e longas cavilacións de moitos anos en col das cruces de pedra na súa terra, manífeca expresión artística e relixiosa do povo galego, cujos valores cul- turales, múltiples e vivos, estu- da Castelao con erudito espeli- mento, relacióndoos i estabre- cendo axeitadas comparanzas cos moimentos semellantes da Bretaña francesa, da Irlanda e demáis terras céltigas.

A obra sairá persentada en luxoso tomo de 37 x 29 cms., 250 páxinas e 76 láminas a tuda prana, escrita en idioma galego e con un amplo resume en idio- ma inglés pra o seu debido es- pallamento nos outos circos in- teleituales do estranxeiro.

Veleiqui o índice:
Verbas finais. — “Cruces

Prechristiáns”: insculturas cru- ciformes en Galiza, Obxeto dos signos cruciformes do rupestre galego. “A Cruz”: Primeiras cruces cristiáns de Galiza. — “Cruces de Pedra”: A cruz de pedra na Galiza, Cruces antefi- xas. — “Cristianizacións”: Cris- tianizacións de menhires, Cris- tianizacións dos camiños, Cris- tianizacións dos miliarios. A cruz dos pelengrins, A cruz nas portas e portallóns, Cristianiza- cións dos hórreos. — “Os Cru- ceiros”: Baixo a mirada dos po- etas, Ao redor dos cruceiros, Xé- nesis dos cruceiros, Os cruceiros máis vellos, Espandimento dos cruceiros, Basamento dos crucei- ros, Peto das ánimas, Varal e capitel, Os “santiños”, O pecado orixinal, As cruces, O crucifixo, A Virxe María, A Virxe das An- gustias, San Francisco, Os calva- rios, Cruceiros de capeliña ou de Loreto. — Envío.

Pol-a sua persentación luxosa, amplo formato e profusión de belidas ilustracións, a edizón da obra é d-un costo superior aos 50 mil pesos. Púdose acometer ista empresa gracias ao patrio- tismo afervoado do presidente da Irmandade Galega de Bós Aires, Don Manuel Puente, quen deu o pulo inicial e posibilitou a inmediata financiación pra non aprazar a saída do libro, nament- ras un núcleo de bós e xen- rosos patriotas galegos se or- gaiza pra coadyuvar co señor Puente na tan meritísima ta- refa.

A edizón será limitada: 100 exemplares de luxo, numerados e firmados pol-o autor e 400 co- rrentes empastados en tea. Pra sua venda fixéronse os seguin- tes precios:

		Argentina Exterior	
		pesos m/n. dólares	
Nº	0	(reservado)	
1	2.000	500.—	
2	1.500	375.—	
3	1.000	250.—	
4	800	200.—	
5	700	175.—	
6 al 10	600	150.—	
11 al 20	500	125.—	
21 al 30	450	112.50	
31 al 40	400	100.—	
41 al 50	300	75.—	
51 al 100	250	62.50	

Pra os exemplares correntes, empastados en tea, fixéuse o prezo en \$ 150.00 cad-un pra Argentina i en dólares 37.50 pra o eistranxeiro.

O anuncio da publicación d-ista fermosa e importante obra espertou moitísimo intrés entre inteleituales, institucións culturais, bibliófilos i entidades galegas. Esí é coma xa istán vendidos boa cantidade de exem- plares de luxo, entre eles os Nos. 1, 2 e 3, os caes foron dis-

ORVALLO

N-esta mañán orvallosa,
baix-o sino do deus Pan,
o meu corazón é rosa
con orvallos da mañán.

Vento que vai
ás mariñas,
que ven
das montañas,
me trai
os remores do alén,
Chuvia que cai
dend-o ceio,
que ven
tan mainiña
que fai
xermolar todo ben.

A terra sinte tremores
coa leda chuva que cai
i-os mimos feizizadores
do vento que ven e vai.

Raio de sol,
augural
policolor,
maestral
tecedor
no chuyoso cendal.
Meu corazón
a choutar
d-emoción
i-a cantar
a canzón
do sinxel ensinar.

Maxestos, i-albeiral
pol-os outeiros, semella
unha dadema tranfal
o sol, ne “Aro da vella”.
I-é, na mañán orvallosa,
baix-o sino do deus Pan,
meu corazón unha rosa
con diamantes da mañán.

AVELINO DIAZ

HOMENAXE

O domingo 18 do corrente, rindóuselle un homenaxe o ines- quecibel irmán, finado o ano derradeiro, Xoxé R. Seixo. Consis- teu na colocación d-unha pra- ca recordatoria no Panteón do Centro Gallego.

No aito dixo unhas afervoa- das verbas, adheríndose a no- me da Irmandade Galega, o se- gredario da mesma irmán Avelino Díaz.

putado por varios intresados. O Centro Gallego de Bós Aires, en xesto patriótico da sua Comisión Directiva, a proposta da Comi- sión de Cultura, había acordado mercar o Nº 1, mais coma xa istaba vendido resolveu adequir- ir un exemplar especialmente impreso e adicado a entidade, con superior papel i encuaderna- ción pol-o mesmo prezo de dous mil pesos. Aparte d-ise exemplar suscribiuse a dous libros dos de 150 pesos. Tamén o Centro Orensano istaba intresado no Nº 1, non habéndose podido sa- tisfacer o seu patriótico desexo pol-a mesma razón. A Casa de Galicia, de Montevideo, en co- municación telefónica, eisprescu sua decisión de adequirir un exemplar dos de máis outo prezo.

Os pedidos pódense dirixir a: Editorial “Nós”, Bartolomé Mi- tre Nº 1263, Buenos Aires.

Centro Galego de Bos Aires

Bases pr-os Concursos Literarios e Musicais
Año 1949

- OS PREMIOS A OUTORGARSE, SERAN OS SEGUINTES:**
- \$ 2.000 A mellor obra inédita, en prosa ou verso, pra libro de formato corrente ou maor, escrita en idioma galego. Tema libre.
 - \$ 500 O mellor ensaio breve, artigo ou poesía, escrito en idioma galego, inédito ou publicado. Tema libre.
 - \$ 2.000 A mellor obra inédita, en prosa ou verso, pra libro de formato corrente ou maor, escrita en idioma castelán, que trate sobre asunto galego.
 - \$ 500 O mellor ensaio breve, artigo ou poesía, en idioma castelán, publicado, que trate sobre asunto galego.
 - \$ 2.000 A mellor sinfonía, preludio, fantasía ou suite, orixinal e inédita, pra orquesta, ca sua instrumentación pra non menos de trinta executantes, e sobre motivos galegos.
 - \$ 1.500 O mellor ballet, orixinal e inédito sobre motivos e cos- tumes galegos.
 - \$ 1.000 A mellor obra coral, orixinal e inédita, pra catro ou máis voces, sobre motivos e versos galegos.
 - \$ 500 A mellor melodía, orixinal e inédita, pra piano e canto, sobre motivos e versos galegos.

BASES

- 1º Os traballos pr-os premios de cada ano, serán ademetidos hasta o 30 de Abril do ano seguinte. Os que cheguen dem- pois de esa data, serán ademetidos pr-o primeiro concurso próisimo vindeiro. Os traballos que aspiren ao premio ao mellor ensaio breve, artigo ou poesía e fosen xa publicados, enténdese que esta publicación, ten que haber sido feita durante o ano do concurso, e non antes. Os traballos inéditos deben ser terminados antes do 31 de Decembro, tamén do ano do concurso, pois consideraríselles como participan- tes no certamen do ano en que foron feitos.
- 2º Os traballos serán calificados polos xurados antes do 1º de Xullo de cada ano, e os premios entregaránse durante o aito que reiaice o Centro Galego conmemorando o Día de Galicia.
- 3º O texto dos traballos será enviado pol-o autor en tres co- pias (salvo a instrumentación das obras musicales, das que poderá mandarse unha sola copia), baixo sobre dirixido ao señor Presidente do Centro Gallego, Rúa Belgrano 2189, Bós Aires (República Arxentina). Os traballos inéditos deberán oustentar un lema e estar firmados con pseudónimo. Os textos orixinales non serán devoltos.
- 4º Os premios serán indivisibles. Os xurados poderán declara- los desertos, si xusgaran que ningún dos traballos presen- tados ten méritos suficientes pra otorgarllo.
- 5º Os xurados estarán compostos do seguinte modo:
Pras obras en galego, do concurso literario:
Un membro desinado pola Xunta Directiva do C. Galego.
Un membro desinado pola Comisión de Cultura do Cen- tro Galego.
Un membro desinado pol-os escritores galegos residentes tes na República Arxentina.
Pras obras escritas en castelán do concurso literario:
Un membro desinado pola Xunta Directiva do C. Galego.
Un membro desinado pola Comisión de Cultura do Cen- tro Galego.
Un membro desinado pola Soc. Arxentina de Escritores.
Pras obras do concurso musical:
Un membro desinado pola Xunta Directiva do C. Galego.
Un membro desinado pola Comisión de Cultura do Cen- tro Galego.
Un membro desinado pola institución musical arxentina de prestixio.
- 6º O Centro Galego poderá editar todos ou calesquera dos tra- ballos premiados, dentro do ano de otorgárselle o premio respectivo; en tal caso, do beneficio que se outeña, dempós de cubertos o costo da edición i os gastos de distribución, etc., corresponderá ao autor o 50 %, i o outro 50 % irá a engrosar o fondo de Cultura do Centro Galego. Agotada a Edición, o autor recuperará a plena propiedá da obra.
- 7º O Centro Galego poderá publicar na súa revista social al- gún cacheno d-as obras literarias premiadas, sin que os seus autores teñan dereitos a retribución algunha por elo.
- 8º O Centro Galego poderá publicar na súa revista social cal- quera dos ensaios breves, artigos ou poesias enviadas pr-o concurso, que non foran premiados, e pagará ao autor, como única retribución, a suma de cen (\$ 100.—) pesos moeda nacional arxentina.
- 9º O feito de enviar as obras pra outar aos premios d-este con- curso, siñifica de parte dos seus autores, os coñecimentos i a conformidá de todo e con todo canto n-estas bases se especifica.

Bós Aires, Agosto do 1949.